

## PROGRAMA STOP VELUTINA 2016



**STOP**



**VESPA  
VELUTINA**

**AGA**  
ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA

[www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

Ante o avance extraordinario da *Vespa velutina* e ante a falta dunha actuación decidida de certos poderes públicos que terían o deber de poñerse ao fronte da loita polo control desta especie invasora, sen avances certos nas investigacións e sen unha coordinación necesaria, AGA tomou a decisión de enfentarnos directamente a predación da avespa asiática, *Vespa velutina*, escomenzando con medios propios e contando con tódolos asociados e asociadas.

AGA vai organizar a loita coa axuda doutros colectivos locais, concellos, cidadáns e con calquera outra entidade que queira colaborar. Escomenzaremos a traballar esta primavera co programa de investigación Stop Velutina, elaborado dentro da asociación en colaboración coas universidades, técnicos do sector e apicultores/as.

AGA porá 50.000 € de fondos propios para escomenzar xa neste mes de marzo.

## **O programa Stop Velutina consta de:**

### **1.- Captura masiva de raíñas fundadoras**

Participantes: 500 socios/as de AGA

Material: 3.000 trampas cos seus atraíntes.

Condições de participación: Ser socio/a de AGA e asistir á explicación do programa o Día do Apicultor ou nas xornadas que se convocarán a través das delegacións de AGA e recoller as trampas e atraíntes.

Nº de trampas e atraíntes a recoller por socio/a: 1 trampa / 10 colmeas e 6 doses de atraínte / trampa

Período de colocación das trampas: De marzo a xuño

Renovación do atraínte: Cada 2 semanas aprox.

Prezos: As trampas e atraíntes serán costeados por AGA nun 75 % e polo socio/a nun 25 %.

Trampas a 1 €

Atraínte monodose a 0,20 €

Atraínte en botella 100 doses a 9 €

Envío de información dos datos: Os participantes no programa recibirán instrucións por email ou por teléfono para comunicar os datos.

### **2.- Programa de investigación aplicada**

Que nos permitirá diagnosticar os mellores métodos de captura e control da Vespa velutina co menor impacto posible sobre outros polinizadores.

Coordinará a nivel científico a Doutora Sandra Rojas Nossa da Universidade de Vigo, apicultora e socia de AGA e o equipo de traballo estará constituído por socios e socias das 11 delegacións comarcais, DAGAS, que se comprometerán a realizar os traballos de campo propostos no programa de control e cuxos datos serán tratados na Universidade de Vigo como entidade colaboradora, para ter conclusións da súa eficacia.

O programa e os seus contidos iranse actualizando e completando a través da web de AGA.

## **Cronoloxía de actuacións Stop Velutina:**

O día 20 de febreiro, no DIA DO APICULTOR en Arzúa, será presentado o programa e procederáse á distribución das trampas cos seus atraíntes.

O día 3 de marzo, realizarase unha XORNADA NO PARLAMENTO EUROPEO, convocados polo grupo parlamentario GUE/NGL, coa colaboración da Deputada Lidia Senra, asociada nosa, na que participará CODACC e AGA.

O día 4 de xuño, na 31ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA en Arzúa, sesión de seguimento do programa e primeiros resultados.

Os días 1 e 2 de setembro, Xornadas Internacionais sobre a *Vespa velutina*, organizada polo doutor veterinario Xesús Feás, da Facultade de Ciencias de Lugo, socio de AGA, coa colaboración dos cursos de verán da Universidade de Santiago.

**Máis información:**

Email: [velutinaengalicia@hotmail.com](mailto:velutinaengalicia@hotmail.com)

Tel.: 981 589 534